

CENTRO TECNOLÓXICO DO NAVAL GALEGO



Situación: Edificio CIS, A Cabana s/n
15590 FERROL (A Coruña)
Teléfono: 981 337 133
Fax: 981 337 171
www.cetnaga.com
info@cetnaga.com



O Centro Tecnolóxico do Naval Galego (Cetnaga) enténdese como un centro de referencia líder en facer avanzar las fronteiras da investigación, a innovación e ao coñecemento no ámbito da enxeñería, a tecnoloxía e ciencia naval en todos seus aspectos.

Cetnaga é unha Fundación privada de interese público, tendo seu padroado representación dos distintos axentes do sistema de innovación de Galicia como o son a administración autonómica, a universidade, outros centros tecnolóxicos, as asociacións profesionais e as empresas.


Recursos humanos

Está prevista a contratación de oito persoas ao comezo do exercicio 2009 e de xeito gradual irán incorporando recursos ata alcanzar a cifrade corenta persoas no ano 2011. Trátase, en todo caso, de persoal altamente cualificado nas súas áreas de competencia.

Organización / Áreas de traballo

O Centro Tecnolóxico do Naval configúrase en dúas grandes áreas de traballo: o área científico-tecnolóxica e o área de servizos a empresas. O área científica concíbese como xeradora de coñecemento, estreitamente ligada ao contorno científico e investigador, mentres que o área de servizos é a de aplicación de resultados e de solución de problemas empresariais actuando moi preto das empresas do sector. Desde o punto de vista funcional se definen como áreas de coñecemento prioritarias as seguintes:

- Deseño e realidade virtual.
- Enxeñería Naval.
- Xestión da produción.
- Automatización.
- Hidrodinámica.
- Materiai.



Instalacións / Equipamento

As instalacións localízanse no Edificio CIS Galicia, propiedade da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.



